

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

5413 Orde APA/455/2020, do 26 de maio, pola que se modifican diversas ordes ministeriais en materia de control e certificación de sementes e outros materiais de reprodución.

A Directiva de execución (UE) 2019/1985 da Comisión, do 28 de novembro de 2019, que modifica as directivas 2003/90/CE e 2003/91/CE polas que se establecen disposicións de aplicación aos fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE do Consello e do artigo 7 da Directiva 2002/55/CE do Consello, respectivamente, con respecto aos caracteres que os exames deben analizar como mínimo e ás condicións mínimas para examinar determinadas variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas, adapta eses caracteres e condicións ás novas directrices e actualiza as que xa existían da Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais (OCVV) e da Unión Internacional para a Protección das Variedades Vexetais (UPOV).

Mediante a presente orde incorpórase ao noso ordenamento xurídico a mencionada Directiva de execución (UE) 2019/1985 da Comisión, do 28 de novembro de 2019, e modifícanse os números 6 dos anexos I, II, III, IV, V, VI e o número 5 do anexo VII do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, unicamente naquelas especies que son obxecto de modificación pola directiva.

Non se inclúen na presente orde as especies sobre as cales non existan protocolos técnicos nin houbese solicitude nin inscrición no Rexistro de Variedades Comerciais, o que non obsta para que no futuro deba terse en conta no caso de que se efectúe unha solicitude de inscrición.

Tampouco se necesitan incluír nesta orde aquelas especies a que se refire o punto anterior, aínda que existan variedades destas especies rexistradas nalgún país da Unión Europea, á vista do artigo 33.2 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos. Este artigo establece que as sementes e plantas de viveiro que procedan de variedades rexistradas en Estados membros da Unión Europea e pertencen a especies e categorías reguladas polas directivas comunitarias poderán ser comercializadas libremente, sempre que cumpran todos os requisitos exixidos nelas.

Non obstante, debe facerse mención a que o ámbito de aplicación do anexo VII, ao cal nos estamos a referir, inclúe outras especies non regulamentadas no ámbito europeo e que, polo tanto, non se incorporan ao catálogo común pero teñen grande importancia na agricultura española, como é o caso da lentella e o garavanzo, especies que, nun futuro, si estarán reguladas no plano europeo.

A modificación das especies nos anexos I ao VII realízase deixando inalteradas as demais especies actualmente existentes no Regulamento do Rexistro de Variedades Comerciais.

Por outro lado, o artigo 33.2 do regulamento aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, establece que, no que respecta á distinción, homoxeneidade e estabilidade, a realización dos exames oficiais para a admisión de variedades cumprirá as condicións establecidas nos protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade ditados polo Consello de Administración da Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais (OCVV), e empregará todos os caracteres varietais que se establecen nos citados protocolos. Pola súa banda, o artigo 33.3 establece que, se a citada oficina non estableceu un protocolo para a realización do ensaio de identificación dunha especie concreta, se aplicarán as directrices de exame en vigor da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV) empregando todos os caracteres varietais sinalados cun asterisco que se establecen nas citadas directrices.

A Directiva de execución (UE) 2019/990 da Comisión, do 17 de xuño de 2019, pola que se modifica a lista de xéneros e especies que figura no artigo 2, número 1, letra b), da Directiva 2002/55/CE do Consello, no anexo II da Directiva 2008/72/CE do Consello e no anexo da Directiva 93/61/CEE da Comisión, actualiza os nomes botánicos de determinadas especies de conformidade coa evolución dos coñecementos científicos; inclúe os híbridos entre as especies de plantas hortícolas, derivados do uso da hibridación interespecífica e da hibridación intraespecífica, que poden dar lugar a variedades de especies que non estaban incluídas en ningunha especie ou grupo establecido, e amplía a categoría de «grupo» para definir as variedades pertencentes a unha determinada especie como instrumento adecuado para a súa clasificación. Os nomes botánicos respectivos das especies de plantas hortícolas e os nomes dos grupos a que pertencen deben presentarse en orde xerárquica co fin de eliminar calquera posible ambigüidade con respecto ao alcance das variedades da especie de que se trate.

Polo demais, pouco despois da súa aprobación, corrixiuse un erro existente na devandita directiva, mediante a Directiva de execución (UE) 2020/432 da Comisión, do 23 de marzo de 2020, pola que se modifica a Directiva 2002/55/CE do Consello no que se refire á definición de «plantas hortícolas» e á lista de xéneros e especies do artigo 2, número 1, letra b), omitida por erro no primeiro texto europeo, directiva que se incorpora igualmente con esta norma.

Así mesmo, a citada Directiva de execución (UE) 2019/990 da Comisión, do 17 de xuño, que actualiza os nomes botánicos de determinadas especies de plantas hortícolas, modifica o ámbito de aplicación do Regulamento técnico de inscrición de variedades de especies hortícolas que figura como anexo VII no Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais. O Catálogo común de variedades de especies hortícolas, por aplicación desta directiva, modificou a clasificación das especies e a súa agrupación, o que implica que as variedades inscritas no ámbito nacional no Rexistro de Variedades Comerciais se deban comunicar e incorporar ao citado catálogo común seguindo esta nova clasificación e agrupación de especies.

Así, mediante esta orde, incorpórase ao noso ordenamento xurídico o resto da Directiva de execución (UE) 2019/990 da Comisión, do 17 de xuño de 2019, coa modificación do anexo único da Orde do 1 de xullo de 1986 pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas na súa epígrafe I e os seus anexos II e V do citado anexo único, co que traspón tamén a mencionada Directiva de execución (UE) 2020/432 da Comisión, do 23 de marzo de 2020; os anexos I e II da Orde do 28 de outubro de 1994 pola que se aproba o Regulamento técnico de control da produción e comercialización de pés de hortalizas e material de multiplicación de hortalizas distinto das sementes e, por último, o número 1 do Regulamento técnico de inscrición de variedades de especies hortícolas, que figura como anexo VII do Regulamento xeral do rexistro de variedades comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro.

Por outra banda, o desenvolvemento do Regulamento (UE) 2016/2031 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, relativo ás medidas de protección contra as pragas dos vexetais, supón a adopción de disposicións que revisan as listas de pragas reguladas non corentenarias, así como as medidas para previr a súa presenza nos materiais de reprodución e pés correspondentes. Como consecuencia desta revisión, modificáronse as directivas de comercialización destes materiais para as especies vexetais afectadas, mediante a Directiva de execución (UE) 2020/177 da Comisión, do 11 de febreiro de 2020, que modifica as directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 68/193/CEE, 2002/55/CE, 2002/56/CE e 2002/57/CE do Consello, así como as directivas 93/49/CEE e 93/61/CEE e as directivas de execución 2014/21/UE e 2014/98/UE da Comisión, polo que respecta ás pragas dos vexetais en sementes e outros materiais de reprodución vexetal.

Parte destas directivas estaban xa traspostas ao ordenamento xurídico español mediante a Orde do 1 de xullo de 1986 pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas; a Orde do 28 de outubro de 1994

pola que se aproba o Regulamento técnico de control da produción e comercialización de pés de hortalizas e material de multiplicación de hortalizas distinto das sementes; a Orde ARM/3368/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais; a Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras; a Orde ARM/3371/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas, e a Orde ARM/3372/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas téxtiles, que, polo tanto, deben ser así mesmo modificadas para incorporar a mencionada directiva.

O contido da presente orde axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa se aplica dun xeito homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa menos restritiva de dereitos ou que impoña menos obrigas aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a devandita norma adecúase a estes pois é coherente co resto do ordenamento xurídico e procurouse a participación das partes interesadas, evitando cargas administrativas.

Esta orde dítase con base nas regras 9.^a, 10.^a e 13.^a do artigo 149.1 da Constitución española, polo que se atribúen ao Estado as competencias exclusivas en materia de lexislación sobre propiedade intelectual e industrial, comercio exterior e en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Na elaboración da presente orde consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas, que figura como anexo único, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986.*

O Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas, que figura como anexo único, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986, queda modificado como segue:

Un. A epígrafe I queda redactada como segue:

«I. Quedan incluídas no ámbito de aplicación deste regulamento técnico as sementes de especies e variedades botánicas seguintes, cuxo fin sexa a produción de plantas hortícolas ou de utilización agrícola, excluída a utilización ornamental:

Allium cepa L.:

- Grupo Cepa (cebola).
- Grupo *Aggregatum* (chalota).

Allium fistulosum L. (ceboliña):

- Todas as variedades.

Allium porrum L. (porro):

- Todas as variedades.

Allium sativum L. (allo):

- Todas as variedades.

Allium schoenoprasum L. (cebolíño):

- Todas as variedades.

Anthriscus cerefolium (L.) Hoffm. (cerefolio)

- Todas as variedades.

Apium graveolens L. (apio):

- Grupo Apio.
- Grupo Apiorravo.

Asparagus officinalis L. (espárrago):

- Todas as variedades.

Beta vulgaris L.:

- Grupo Remolacha.
- Grupo Acelga.

Borrago officinalis L. (borrax).

Brassica oleracea L.:

- Grupo Col rizada.
- Grupo Coliflor.
- Grupo Capitata (col vermella e repolo).
- Grupo Col de Bruxelas.
- Grupo Colirravo.
- Grupo Col de Milán.
- Grupo Brócoli (brócoli).
- Grupo Col negra.
- Grupo Verza.

Brassica rapa L.:

- Grupo Col de China.
- Grupo Nabo.

Capsicum annuum L. (pementos e chiles):

- Todas as variedades.

Cicer arietinum L. (*partim.*) Garavanzo.

Cichorium endivia L. (escarola):

- Todas as variedades.

Cichorium intybus L.:

- Grupo Endivia.
- Grupo Chicoria común (incluída a chicoria vermella).
- Grupo Chicoria industrial (raíz).

Citrullus lanatus (Thunb.) Matsum. et Nakai (sandía):

- Todas as variedades.

Cucumis melo L. (melón):

- Todas as variedades.

Cucumis sativus L.:

- Grupo Cogombro.
- Grupo Cogombriño.

Cucurbita maxima Duchesne (cabaza xigante):

- Todas as variedades.

Cucurbita pepo L. (cabazas, como a cabaza boneteira, e cabaciñas):

- Todas as variedades.

Cynara cardunculus L.:

- Grupo Alcachofa.
- Grupo Cardo.

Daucus carota L. (cenoria de mesa e cenoria forraxeira):

- Todas as variedades.

Foeniculum vulgare Mill. (fiúncho):

- Grupo Azoricum.

Lactuca sativa L. (leituga):

- Todas as variedades.

Lens culinaris L. (partim.) Lentella.

Petroselinum crispum (Mill.) Nyman ex A. W. Hill:

- Grupo Pirixel de folla.
- Grupo Pirixel tuberoso.

Phaseolus coccineus L. (feixón escarlata ou feixón de España):

- Todas as variedades.

Phaseolus vulgaris L.:

- Grupo Feixón de mata.
- Grupo Feixón de encanar.

Pisum sativum L.:

- Grupo Chícharo de gran liso redondo.
- Grupo Chícharo de gran rugoso.
- Grupo Tirabeque.

Raphanus sativus L.:

- Grupo Ravo.
- Grupo Ravo negro.

Rheum rhabarbarum L. (ruibarbo):

- Todas as variedades.

Scorzonera hispanica L. (escorzona ou barba de cabra negra):

- Todas as variedades.

Solanum lycopersicum L. (tomate):

- Todas as variedades.

Solanum melongena L. (berenxena):

- Todas as variedades.

Spinacia oleracea L. (espinaca):

- Todas as variedades.

Tragopogon porrifolium L. (barba de cabra branca).

Valerianella locusta (L.) Laterr. (cóengo ou herba dos cóengos):

- Todas as variedades.

Vicia faba L. (faba):

- Todas as variedades.

Zea mays L.:

- Grupo Millo doce.
- Grupo Millo para flocos de millo.

Todos os híbridos das especies e grupos enumerados *supra*.

Soamente poderán ser denominadas como sementes de plantas hortícolas aquelas que fosen controladas polos servizos oficiais correspondentes e que fosen obtidas segundo as disposicións deste regulamento; da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos; do Decreto 3767/1972, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre produción de sementes e plantas de viveiro e modificacións posteriores, así como da Orde do 23 de maio de 1986 pola que se aproba o Regulamento xeral de control e certificación de sementes e plantas de viveiro.

Tamén poderá recibir a denominación de «semente» a importada que cumpra os correspondentes requisitos legais.»

Dous. A epígrafe V.2 «Requisitos dos procesos de produción» queda redactada como segue:

«O cultivo estará practicamente libre de calquera praga que reduza a utilidade e calidade dos materiais de reprodución.

O cultivo tamén cumprirá os requisitos relativos ás pragas coretenarias da Unión, ás pragas coretenarias de zonas protexidas e ás pragas reguladas non coretenarias recollidos nos actos de execución adoptados conforme o Regulamento (UE) 2016/2031, así como as medidas adoptadas conforme o artigo 30, número 1, dese mesmo regulamento.

Os campos de produción de semente de base e certificada das especies hortícolas que afecta este regulamento deben cumprir os seguintes requisitos:

Non se poderá destinar á produción de sementes ningún campo que na campaña anterior estivese cultivado coa mesma especie.

O estado do cultivo deberá ser tal que permita o control da identidade, da pureza varietal e do seu estado sanitario.

As parcelas de produción de semente de cada unha das diferentes categorías deberán gardar as distancias mínimas de illamentos que se indican no anexo I.

No caso de non se apreciar suficientemente a identidade varietal, aparecer plantas fóra de tipo ou se detectar a presenza de pragas ou enfermidades que

afecten o valor da semente, os cultivos poderán ser rexeitados na súa cualificación de semente de base ou certificada.

As porcentaxes máximas admisibles de plantas que non correspondan claramente ao tipo varietal serán as seguintes:

Autógamas:

Categoría base: 0,5 por 100.

Categoría certificada: 1 por 100.

Alógamas:

Categoría base: 1 por 100.

Categoría certificada: 2 por 100.»

Tres. O anexo II queda redactado como segue:

«ANEXO II

Requisitos das sementes

As sementes das distintas categorías deben cumprir os requisitos seguintes:

A) Porcentaxes mínimas de pureza específica, xerminación e máximos de sementes doutras especies, exixibles para todas as categorías:

Especies	Pureza específica (tanto por cento en peso)	Xerminación de sementes puras ou glomérulos (tanto por cento)	Contido máximo de sementes doutras especies (tanto por cento en peso)
Acelga.	97	70 (gl)	0,5
Chicoria común (incluída a chicoria vermella).	95	65	1,5
Chicoria industrial.	97	80	1
Allo.	97	65	0,5
Apio e apiorravo.	97	80	1,0
Berenxena.	96	65	0,5
Verza.	97	75	1,0
Borraxe.	97	65	0,5
Brócoli.	97	70	1,0
Cabaciña.	98	75	0,1
Cabaza.	98	85	0,1
Cardo.	96	65	0,5
Cebola e chalota.	97	70	0,5
Ceboliña.	97	65	0,5
Ceboliño.	97	65	0,5
Col de China.	97	75	1,0
Col de Bruxelas.	97	75	1,0

Especies	Pureza específica (tanto por cento en peso)	Xerminación de sementes puras ou glomérulos (tanto por cento)	Contido máximo de sementes doutras especies (tanto por cento en peso)
Col de Milán.	97	75	1,0
Col negra.	97	75	1,0
Col repolo.	97	75	1,0
Col rizada.	97	75	1,0
Coliflor.	97	70	1,0
Colirravo.	97	75	1,0
Endivia.	95	65	1,5
Escarola.	95	65	1,0
Barba de cabra.	95	70	1,0
Espárrago.	96	70	0,5
Espinaca.	97	75	1,0
Garavanzo.	98	80	0,1
Chícharo.	98	80	0,1
Faba.	98	80	0,1
Fiúncho.	96	70	1,0
Feixón.	98	75	0,1
Feixón de España.	98	80	0,1
Leituga.	95	75	0,5
Lentella.	98	80	0,1
Col vermella.	97	75	1,0
Millo doce e millo para flocos de millo.	98	85	0,1
Melón.	98	75	0,1
Nabo.	97	80	1,0
Cogombro.	98	80	0,1
Pirixel.	97	65	1,0
Pemento e chile.	97	65	0,5
Porro.	97	65	0,5
Ravo.	97	70	1,0
Remolacha.	97	70 (gl.)	0,5
Ruibarbo.	97	70	0,5
Sandía.	98	75	0,1
Tomate.	97	75	0,5
Cenoria.	95	65	1,0

Notas:

1. As cifras de xerminación para a acelga e remolacha refírense ao número de glomérulos xerminados.

2. Para variedades de *Zea mays* (millo doce de tipo superdoce), a capacidade xerminativa mínima exixida redúcese ao 80 % de sementes puras. Na etiqueta oficial ou na etiqueta do proveedor, cando proceda, deberá figurar o texto «Facultade xerminativa mínima do 80 %.»

B) Porcentaxes mínimas de pureza varietal (plantas que correspondan ao tipo varietal).

Especies autóгамas (garavanzo, chícharo, feixón, leituga, lentella e tomate).

Semente de base: 99,5 por 100.

Semente certificada: 99 por 100.

Semente estándar: 97 por 100.

Especies alógamas (o resto das especies citadas na epígrafe I).

Semente de base: 99 por 100.

Semente certificada: 98 por 100.

Semente estándar: 95 por 100.

C) Presenza de pragas, enfermidades e organismos nocivos.

As sementes estarán practicamente libres de calquera praga que reduza a utilidade e calidade dos materiais de reprodución. As sementes tamén cumprirán os requisitos relativos ás pragas corentenarias da Unión, ás pragas corentenarias de zonas protexidas e ás pragas reguladas non corentenarias recollidos nos actos de execución adoptados conforme o Regulamento (UE) 2016/2031, así como as medidas adoptadas conforme o artigo 30, número 1, dese mesmo regulamento.

Comprobarase, polo menos mediante inspección visual, que a presenza de pragas reguladas non corentenarias nas sementes de plantas hortícolas non supera os limiares correspondentes que figuran no cadro seguinte:

Pragas reguladas non corentenarias ou síntomas causados por elas	Xénero ou especie das sementes de plantas hortícolas	Limiar de presenza das pragas reguladas non corentenarias nas sementes de plantas hortícolas
<i>Bacterias</i>		
<i>Clavibacter michiganensis</i> ssp. <i>michiganensis</i> (Smith) Davis et al. [CORBMI].	<i>Solanum lycopersicum</i> L.	0 %
<i>Xanthomonas axonopodis</i> pv. <i>phaseoli</i> (Smith) Vauterin et al. [XANTPH].	<i>Phaseolus vulgaris</i> L.	0 %
<i>Xanthomonas euvesicatoria</i> Jones et al. [XANTEU].	<i>Capsicum annuum</i> L., <i>Solanum lycopersicum</i> L.	0 %
<i>Xanthomonas fuscans</i> subsp. <i>fuscans</i> Schaad et al. [XANTFF].	<i>Phaseolus vulgaris</i> L.	0 %
<i>Xanthomonas gardneri</i> (ex Šutič 1957) Jones et al. [XANTGA].	<i>Capsicum annuum</i> L., <i>Solanum lycopersicum</i> L.	0 %
<i>Xanthomonas perforans</i> Jones et al. [XANTPF].	<i>Capsicum annuum</i> L., <i>Solanum lycopersicum</i> L.	0 %
<i>Xanthomonas vesicatoria</i> (ex Doidge) Vauterin et al. [XANTVE].	<i>Capsicum annuum</i> L., <i>Solanum lycopersicum</i> L.	0 %

Pragas reguladas non corentenarias ou síntomas causados por elas	Xénero ou especie das sementes de plantas hortícolas	Limiar de presenza das pragas reguladas non corentenarias nas sementes de plantas hortícolas
<i>Insectos e ácaros</i>		
<i>Acanthoscelides obtectus</i> (Say) [ACANOB].	<i>Phaseolus coccineus</i> L., <i>Phaseolus vulgaris</i> L.	0 %
<i>Bruchus pisorum</i> (Linnaeus) [BRCHPI].	<i>Pisum sativum</i> L.	0 %
<i>Bruchus rufimanus</i> Boheman [BRCHRU].	<i>Vicia faba</i> L.	0 %
<i>Nematodos</i>		
<i>Ditylenchus dipsaci</i> (Kuehn) Filipjev [DITYDI].	<i>Allium cepa</i> L., <i>Allium porrum</i> L.	0 %
<i>Virus, viroides, enfermidades similares ás víricas e fitoplasmas</i>		
Virus do mosaico do cogombro [PEPMV0].	<i>Solanum lycopersicum</i> L.	0 %
Viroide do tubérculo fusiforme da pataca [PSTVD0].	<i>Capsicum annuum</i> L., <i>Solanum lycopersicum</i> L.	0 %».

Catro. No anexo V, o termo «*Endivia, chicoria silvestre (chicoria italiana)*» substitúese polo termo «*Endivia, chicoria común (incluída a chicoria vermella)*».

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento técnico de control da produción e comercialización de pés de hortalizas e material de multiplicación de hortalizas distinto das sementes, aprobado pola Orde do 28 de outubro de 1994.*

Un. O artigo 4 queda redactado como segue:

«Artigo 4. *Requisitos.*

1. No presente artigo establécense os requisitos que deben cumprir, independentemente do sistema de multiplicación utilizado, os pés e o material de multiplicación de hortalizas que pertencen aos xéneros ou especies mencionados no anexo I, ou os portaenxertos doutros xéneros ou especies, en caso de que se enxerten ou se deban enxertar neles materiais dun dos xéneros ou especies mencionados.

2. O material deberá ter identidade adecuada e pureza con relación ao xénero ou especie de que se trate e terá tamén unha identidade e pureza suficientes en canto á variedade.

3. O material deberá estar substancialmente libre de calquera defecto que poida minguar a súa utilidade como material de multiplicación ou de plantación.

4. O vigor e o tamaño do material serán satisfactorios en relación co seu valor de utilización, como material de multiplicación ou de plantación. Ademais, cando corresponda, deberá existir un equilibrio adecuado entre raíces, talos e follas.

5. O referido material deberá cumprir, cando sexan aplicables, as condicións fitosanitarias pertinentes establecidas no Real decreto 58/2005 e tamén as condicións fitosanitarias establecidas no Regulamento (UE) 2016/2031 do Parlamento Europeo e do Consello, e nos actos de execución adoptados conforme o devandito regulamento.

6. Polo menos mediante inspección visual, os pés e materiais de multiplicación de hortalizas no lugar de produción estarán practicamente libres de todas as pragas

enumeradas no anexo II con respecto aos materiais de multiplicación e pés correspondentes.

7. A presenza de pragas reguladas non corentenarias en pés e materiais de multiplicación de hortalizas destinados á comercialización non excederá, polo menos mediante inspección visual, os limiares correspondentes establecidos no anexo II.

8. Mediante inspección visual, os pés e materiais de multiplicación de hortalizas estarán practicamente libres de calquera praga, distinta das enumeradas no anexo II con respecto aos pés e materiais de multiplicación correspondentes, que reduza a súa utilidade e calidade.

9. Os pés e materiais de multiplicación de hortalizas tamén cumprarán os requisitos relativos ás pragas corentenarias da Unión, ás pragas corentenarias de zonas protexidas e ás pragas reguladas non corentenarias recollidas no Regulamento (UE) 2016/2031 do Parlamento Europeo e do Consello, e nos actos de execución adoptados conforme o devandito regulamento, incluídas as medidas adoptadas conforme o artigo 30, número 1, dese mesmo regulamento.»

Dous. O anexo I queda redactado como segue:

«ANEXO I

Lista dos xéneros e especies considerados no artigo 1

Allium cepa L.:

- Grupo Cepa (cebola).
- Grupo *Aggregatum* (chalota).

Allium fistulosum L. (cebolíña):

- Todas as variedades.

Allium porrum L. (porro):

- Todas as variedades.

Allium sativum L. (allo):

- Todas as variedades.

Allium schoenoprasum L. (cebolíño):

- Todas as variedades.

Anthriscus cerefolium (L.) Hoffm. (cerefolio):

- Todas as variedades.

Apium graveolens L. (apio):

- Grupo Apio.
- Grupo Apiorravo.

Asparagus officinalis L. (espárrago):

- Todas as variedades.

Beta vulgaris L.:

- Grupo Remolacha.
- Grupo Acelga.

Borrago officinalis L. (borraxe).

Brassica oleracea L.:

- Grupo Col rizada.
- Grupo Coliflor.
- Grupo Capitata (col vermella e repolo).
- Grupo Col de Bruxelas.
- Grupo Colirravo.
- Grupo Col de Milán.
- Grupo Brócoli (brócoli).
- Grupo Col negra.
- Grupo Verza.

Brassica rapa L.:

- Grupo Col de China.
- Grupo Nabo.

Capsicum annuum L. (pementos e chiles):

- Todas as variedades.

Cicer arietinum L. (*partim.*) garavanzo.

Cichorium endívia L. (escarola):

- Todas as variedades.

Cichorium intybus L.:

- Grupo Endivia.
- Grupo Chicoria común (incluída a chicoria vermella).
- Grupo Chicoria industrial (raíz).

Citrullus lanatus (Thunb.) Matsum. et Nakai (sandía):

- Todas as variedades.

Cucumis melo L. (melón):

- Todas as variedades.

Cucumis sativus L.:

- Grupo Cogombro.
- Grupo Cogombriño.

Cucurbita maxima Duchesne (cabaza xigante):

- Todas as variedades.

Cucurbita pepo L. (cabazas, como a cabaza boneteira, e cabaciñas):

- Todas as variedades.

Cynara cardunculus L.:

- Grupo Alcachofa.
- Grupo Cardo.

Daucus carota L. (cenoria de mesa e cenoria forraxeira):

- Todas as variedades.

Foeniculum vulgare Mill. (fiúncho):

- Grupo Azoricum.

Lactuca sativa L. (leituga):

- Todas as variedades.

Lens culinaris L. (*partim.*) lentella.

Petroselinum crispum (Mill.) Nyman ex A. W. Hill:

- Grupo Pirixel de folla.
- Grupo Pirixel tuberoso.

Phaseolus coccineus L. (feixón escarlata ou feixón de España):

- Todas as variedades.

Phaseolus vulgaris L.:

- Grupo Feixón de mata.
- Grupo Feixón de encanar.

Pisum sativum L.:

- Grupo Chícharo de gran liso redondo.
- Grupo Chícharo de gran rugoso.
- Grupo Tirabeque.

Raphanus sativus L.:

- Grupo Ravo.
- Grupo Ravo negro.

Rheum rhabarbarum L. (ruibarbo):

- Todas as variedades.

Scorzonera hispanica L. (escorzona ou barba de cabra negra):

- Todas as variedades.

Solanum lycopersicum L. (tomate):

- Todas as variedades.

Solanum melongena L. (berenxena):

- Todas as variedades.

Spinacia oleracea L. (espinaca):

- Todas as variedades.

Tragopogon porrifolium L. (barba de cabra branca).

Valerianella locusta (L.) Laterr. (cóengo ou herba dos cóengos):

- Todas as variedades.

Vicia faba L. (faba):

- Todas as variedades.

Zea mays L.:

- Grupo Millo doce.
- Grupo Millo para flocos de millo.»

Tres. O anexo II queda redactado como segue:

«ANEXO II

Pragas reguladas non coretenarias que afectan os pés e materiais de multiplicación de hortalizas

Pragas reguladas non coretenarias ou síntomas causados por elas	Pés e materiais de multiplicación de hortalizas (xénero ou especie)	Limiar de presenza das pragas reguladas non coretenarias nos pés e materiais de multiplicación de hortalizas
<i>Bacterias</i>		
<i>Clavibacter michiganensis</i> ssp. <i>michiganensis</i> (Smith) Davis et al. [CORBMI].	<i>Solanum lycopersicum</i> L.	0 %
<i>Xanthomonas euvesicatoria</i> Jones et al. [XANTEU].	<i>Capsicum annuum</i> L., <i>Solanum lycopersicum</i> L.	0 %
<i>Xanthomonas gardneri</i> (ex Šutič 1957) Jones et al. [XANTGA].	<i>Capsicum annuum</i> L., <i>Solanum lycopersicum</i> L.	0 %
<i>Xanthomonas perforans</i> Jones et al. [XANTPF].	<i>Capsicum annuum</i> L., <i>Solanum lycopersicum</i> L.	0 %
<i>Xanthomonas vesicatoria</i> (ex Doidge) Vauterin et al. [XANTVE].	<i>Capsicum annuum</i> L., <i>Solanum lycopersicum</i> L.	0 %
<i>Fungos e oomicetos</i>		
<i>Fusarium</i> Link (xénero anamórfico) [1FUSAG] distinto de <i>Fusarium oxysporum</i> f. sp. <i>albedinis</i> (Kill. & Maire) W. L. Gordon [FUSAAL] e <i>Fusarium circinatum</i> Nirenberg & O'Donnell [GIBBC].	<i>Asparagus officinalis</i> L.	0 %
<i>Helicobasidium brebissonii</i> (Desm.) Donk [HLCBBR].	<i>Asparagus officinalis</i> L.	0 %
<i>Stromatinia cepivora</i> Berk. [SCLOCE].	<i>Allium cepa</i> L., <i>Allium fistulosum</i> L., <i>Allium porrum</i> L., <i>Allium sativum</i> L.	0 %
<i>Verticillium dahliae</i> Kleb. [VERTDA].	<i>Cynara cardunculus</i> L.	0 %
<i>Nematodos</i>		
<i>Ditylenchus dipsaci</i> (Kuehn) Filipjev [DITYDI].	<i>Allium cepa</i> L., <i>Allium sativum</i> L.	0 %
<i>Virus, viroides, enfermidades similares ás víricas e fitoplasmas</i>		
Virus de estrías amarelas do porro [LYSV00].	<i>Allium sativum</i> L.	1 %
Virus do ananismo amarelo da cebola [OYDV00].	<i>Allium cepa</i> L., <i>Allium sativum</i> L.	1 %

Pragas reguladas non corentenarias ou síntomas causados por elas	Pés e materiais de multiplicación de hortalizas (xénero ou especie)	Limiar de presenza das pragas reguladas non corentenarias nos pés e materiais de multiplicación de hortalizas
Viroide do tubérculo fusiforme da pataca [PSTVD0].	<i>Capsicum annuum</i> L., <i>Solanum lycopersicum</i> L.	0 %
Virus do bronceado do tomate [TSWV00].	<i>Capsicum annuum</i> L., <i>Lactuca sativa</i> L., <i>Solanum lycopersicum</i> L., <i>Solanum melongena</i> L.	0 %
Virus do rizo amarelo do tomate [TYLCV0].	<i>Solanum lycopersicum</i> L.	0 %».

Artigo terceiro. *Modificación da Orde ARM/3368/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais.*

O Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais, contido no anexo da Orde ARM/3368/2010, do 27 de decembro, queda modificado como segue:

Un. A observación sexta do anexo 1 «Requisitos dos procesos de produción» queda redactada como segue:

«Sexta. Plantas infectadas: considéranse plantas infectadas as atacadas por carbón (*Ustilago spp.*) nos campos de produción de semente de trigo, orxo e avea, e por helmintosporiose (*Helminthosporium spp.*) nos de orxo e arroz, así como por *Piricularia oryzae* no arroz.

No caso do centeo, o número de esclerocios de caruncho (*Claviceps purpurea*) non poderá ser superior a un por metro cadrado, en todas as categorías.

Poderanse aprobar campos con porcentaxes maiores das que figuran no cadro por petición da entidade, sempre que antes da precintaxe da semente esta se trate con produtos de recoñecida eficacia.

O cultivo estará practicamente libre de calquera praga que reduza a utilidade e calidade das sementes.

O cultivo tamén cumprirá os requisitos relativos ás pragas corentenarias da Unión, ás pragas corentenarias de zonas protexidas e ás pragas reguladas non corentenarias recollidos nos actos de execución adoptados conforme o Regulamento (UE) 2016/2031, así como as medidas adoptadas conforme o artigo 30, número 1, dese mesmo regulamento.

Pragas reguladas non corentenarias ou síntomas causados por elas	Especie	Limiares para a produción de sementes de prebase	Limiares para a produción de sementes de base	Limiares para a produción de sementes certificadas
Fungos e oomicetos				
<i>Gibberella fujikuroi</i> Sawada [GIBBFU].	<i>Oryza sativa</i> L.	Non máis de dúas plantas sintomáticas por 200 m ² detectadas durante inspeccións sobre o terreo efectuadas en momentos adecuados nunha mostra representativa das plantas de cada cultivo.	Non máis de dúas plantas sintomáticas por 200 m ² detectadas durante inspeccións sobre o terreo efectuadas en momentos adecuados nunha mostra representativa das plantas de cada cultivo.	Sementes certificadas da primeira xeración (C1): Non máis de catro plantas sintomáticas por 200 m ² detectadas durante inspeccións sobre o terreo efectuadas en momentos adecuados nunha mostra representativa das plantas de cada cultivo. Sementes certificadas da segunda xeración (C2): Non máis de oito plantas sintomáticas por 200 m ² detectadas durante inspeccións sobre o terreo efectuadas en momentos adecuados nunha mostra representativa das plantas de cada cultivo.
Nematodos				
<i>Aphelenchoides besseyi</i> Christie [APLOBE].	<i>Oryza sativa</i> L.	0 %	0 %	0 %»

A presenza de pragas reguladas non corentenarias nos cultivos cumprirá os requisitos que figuran no cadro seguinte:

Dous. As observacións do anexo 2 «Requisitos das sementes» quedan redactadas como segue:

«Observacións:

1. As sementes estarán practicamente libres de calquera praga que reduza a súa utilidade e calidade.
2. As sementes tamén cumpriran os requisitos relativos ás pragas corentenarias da Unión, ás pragas corentenarias de zonas protexidas e ás pragas reguladas non corentenarias recollidos nos actos de execución adoptados conforme o Regulamento (UE) 2016/2031, así como as medidas adoptadas conforme o artigo 30, número 1, dese mesmo regulamento.
3. A presenza dunha semente de *Avena fatua* L., *Avena sterilis* L., *Avena ludoviciana* Dur. ou *Lolium temulentum* L. (columna 7) nunha mostra de 500 gramos non se considerará impureza se, tomada unha segunda mostra de igual peso, está totalmente exenta destas sementes.
4. A presenza dun segundo gran de semente doutros cereais (columna 5) nas categorías de sementes de prebase e de base non se considerará impureza se, tomada unha segunda mostra de igual peso, está totalmente exenta destas sementes.
5. O contido total de impurezas establecidas nas columnas 5, 6, 7, 8, 9 e 10 debe ser igual ou inferior ao contido máximo de sementes establecido na columna 4.

6. A presenza de pragas reguladas non corentenarias nas sementes e nas categorías correspondentes cumprirá os requisitos que figuran no cadro seguinte:

Pragas reguladas non corentenarias ou síntomas causados por elas	Especie	Limiares para as sementes de prebase	Limiares para as sementes de base	Limiares para as sementes certificadas
Nematodos				
<i>Aphelenchoides besseyi</i> Christie [APLOBE].	<i>Oryza sativa</i> L.	0 %	0 %	0 %
Fungos				
<i>Gibberella fujikuroi</i> Sawada [GIBBFU].	<i>Oryza sativa</i> L.	Practicamente libre	Practicamente libre	Practicamente libre

7. A presenza de estruturas fúnxicas nas sementes e nas categorías correspondentes cumprirá os requisitos que figuran no cadro seguinte:

Categoría	Número máximo de estruturas fúnxicas, como esclerocios ou carunchos, nunha mostra do peso especificado na cuarta columna do anexo 3
Cereais non híbridos de <i>Secale cereale</i> :	
– Sementes de base.	1
– Sementes certificadas.	3
Híbridos de <i>Secale cereale</i> :	
– Sementes de base.	1
– Sementes certificadas.	4 (*)

(*) A presenza de cinco estruturas fúnxicas, como esclerocios ou fragmentos de esclerocios ou carunchos, nunha mostra do peso prescrito considerarase conforme coas normas cando unha segunda mostra do mesmo peso non conteña máis de catro estruturas fúnxicas.

8. Polo que respecta ás variedades de *Hordeum vulgare*, oficialmente clasificadas como variedades de tipo orxo nu, a facultade de xerminación mínima queda reducida ao 75 por 100 das sementes puras. A etiqueta oficial levará a inscrición «Facultade xerminativa mínima do 75 por 100.»

9. Para os híbridos de aveas, orxo, arroz, trigo brando, trigo duro, espelta menor e triticales autógamos, a pureza varietal mínima das sementes de categoría «semente certificada» deberá ser do 90 por 100. Esta pureza deberá ser examinada nas probas oficiais de poscontrol sobre unha proporción adecuada de mostras.

10. No caso de sementes de variedades híbridas de orxo que empreguen o método CMS, a pureza varietal mínima deberá ser do 85 %. As impurezas, con excepción da liña restauradora, non excederán o 2 %. Esta pureza deberá ser examinada nas probas oficiais de poscontrol sobre unha proporción adecuada de mostras.»

Artigo cuarto. *Modificación da Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras.*

O Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, contido no anexo da Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro, queda modificado como segue:

Un. A epígrafe IV.2.5 «Estado dos cultivos» queda redactada como segue:

«O estado do cultivo deberá ser tal que permita o control da súa identidade e da súa pureza varietal.

O cultivo estará practicamente libre de calquera praga que reduza a utilidade e calidade das sementes.

O cultivo tamén cumprirá os requisitos relativos ás pragas corentenarias da Unión, ás pragas corentenarias de zonas protexidas e ás pragas reguladas non corentenarias recollidos nos actos de execución adoptados conforme o Regulamento (UE) 2016/2031, así como as medidas adoptadas conforme o artigo 30, número 1, dese mesmo regulamento.

A presenza de pragas reguladas non corentenarias no cultivo e nas categorías correspondentes cumprirá os requisitos que figuran no cadro seguinte:

Pragas reguladas non corentenarias ou síntomas causados por elas	Especie	Limiares para a produción de sementes de prebase	Limiares para a produción de sementes de base	Limiares para a produción de sementes certificadas
<i>Clavibacter michiganensis ssp. insidiosus</i> (McCulloch 1925) Davis et al. [CORBIN].	<i>Medicago sativa</i> L.	0 %	0 %	0 %
<i>Ditylenchus dipsaci</i> (Kuehn) Filipjev [DITYDI].	<i>Medicago sativa</i> L.	0 %	0 %	0 %

